



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

SEC 2017-175

SELECCION MEMBROS BRIGADAS PREVENCION E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS 2017

En Laza a, 21 de Xullo de 2017

PROVIDENCIA DA ALCALDIA

Con data 23.06.2016, este Concello de Laza, asinou un Convenio de colaboración coa Consellería de Medio Rural e do Mar para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de dúas brigadas de prevención e extinción de incendios forestais.

Con data 05.06.2017, aprobáronse as bases de selección para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de dúas brigadas de prevención e extinción de incendios forestais.

Con data 26.06.2017, publicouse a lista definitiva de admitidos no proceso de selección.

O 27.06.2017, realizouse a avaliación de todos os aspirantes, sendo un total de once os presentados á realización das probas previstas.

Con data 12.07.2017, un dos aspirantes, Daniel Blanco Rodríguez, presenta a súa renuncia ó posto de peón forestal.

Con data 17.07.2017, procédese á contratación dos aspirantes a postos de xefe de brigada, peóns conductores e peóns forestais para as dúas brigadas de prevención e extinción de incendios forestais, a saber, Laza 1 e Laza 2. Contratando, na categoría de peón forestal, ao único aspirante que formaba parte da bolsa de emprego de peóns, José Manuel Álvarez Romero, por quedar vacante o posto do aspirante que renunciou ao seu contrato, Daniel Blanco Rodríguez.

Con data 20.07.2017, un dos xefes de brigada, en concreto, o xefe da brigada Laza 1, Jaime José Martínez González, titular do DNI núm. 76.733.110 - G, presenta a súa baixa voluntaria por mellora de emprego, quedando vacante un dos postos de xefe de brigada.

O 21.07.2017, un dos peóns conductores, en concreto o peón conductor da brigada Laza 2, José Luis García Toro, titular do DNI núm. 76.730.029 - M presenta a súa baixa voluntaria, por mellora de emprego, de xeito que, se procede a facer o pertinente chamamento da bolsa de emprego de peóns conductores, para a sustitución do posto de peón-conductor, que lle corresponde a David Correa Conde, titular do DNI núm. 34.628.815 - S, actual peón da brigada Laza 2.

Como queira que sexa, neste preciso momento, existe unha praza vacante de xefe de brigada, ao presentar a súa renuncia o xefe de brigada contratado con data 17.07.2017, Jaime José Martínez González, e tamén existe unha praza vacante de peón forestal, ao



CONCELLO DE LAZA

RUA CASTIÑEIRO, 4 - 32620 LAZA (OURENSE)

presentar a súa renuncia o peón, David Correa Conde, por ocupar a praza vacante de peón conductor que deixou, tras a súa renuncia, José Luis García Toro.

Por todo o anteriormente exposto, con data 21.07.2017, procédese á presentación na oficina de emprego de Verín, das correspondentes ofertas de emprego, para a cobertura dos seguintes postos:

- Un posto de Xefe de brigada.
- Un posto de Peón Forestal.

Na data da presentación de ditas ofertas, enviaráselle copia das mesmas ao Sindicato CIG - Verín, para acadar unha maior difusión das mesmas.

O prazo de admisión de instancias, será de **cinco días hábiles contados dende a publicación destas ofertas na web municipal**, podendo presentarse **calqueira aspirante**, ben sexa remitido polo Servizo Galego de Emprego ou mediante presentación de instancia no Rexistro Xeral deste Concello de Laza.

O Alcalde,

Asdo.: José Ramón Barreal Novo